

ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A CREACIÓN DUNHA RELACIÓN DE CANDIDATOS/AS PARA NOMEAMENTOS DE TÉCNICOS/AS DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA INTERINOS/AS.

Asunto: Resultado primeira proba fase oposición, de carácter obrigatoria e eliminatoria.

Segundo se deriva da acta levantada ao efecto no día de hoxe, martes 3 de novembro de 2020, o tribunal de selección, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade co establecido na Base Sexta das que rexen esta convocatoria, declarar que superaron a primeira proba da fase de oposición os/as aspirantes que de seguido se relacionan, por ter acadado unha puntuación superior á nota de corte establecida (7,5 puntos):

ARCOS SUAREZ, ESTHER
CORUJO PARDO, MIGUEL ANGEL
GIL SÁNCHEZ, SUSANA

Segundo: De conformidade co establecido na Base Sexta das que rexen esta convocatoria, declarar que non superou a primeira proba da fase de oposición a aspirante que de seguido se relaciona, por non ter acadado a nota de corte establecida (7,5 puntos):

CARBALLO GARCÍA, MAITE

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sexta das que rexen esta convocatoria, outorgar a cada aspirante, identificado cunha letra, a seguinte puntuación:

	PUNTUACIÓN
A	11
B	14
C	13

Cuarto: Outorgar ós/ás aspirantes un prazo de dous días hábiles, ata o **xoves, 5 de novembro de 2020 ás 00.00 horas**, para que presenten no Rexistro do Concello de Cambre as **alegacións e reclamacións** que, no seu caso, consideren oportunas.

Quinto: Convocar aos aspirantes que superaron a primeira proba da fase de oposición o vindeiro **luns, día 9 de novembro de 2020, ás 10:30 horas** da mañán, no Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Cambre, para a realización da **segunda proba** da fase de oposición.

Sexto: Publicar os anteriores acordos no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello de Cambre: www.cambre.org, así como o contido do exercizo e o seu resultado.

Cambre, na data da sinatura electrónica.

A Secretaria do Tribunal
Verónica María Otero López

“PRIMEIRA PROBA. TIPO TEST.

PUNTUACIÓN:

- 1. Cada resposta valida será valorada con 1 punto.**
- 2. Cada resposta incorrecta restara 0,50 puntos.**
- 3. Nota máxima da proba 20 puntos.**
- 4. A nota de corte será de 7,5 puntos**
- 5. A duración máxima da proba será de 30 minutos**

1. Cales son os criterios polos que clasificaranse os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais?

- A. Por programas, por categorías económicas, e por unidades orgánicas en todos os casos.
- B. Por programas, por categorías económicas, e opcionalmente, por unidades orgánicas.
- C. Por categorías económicas, e opcionalmente, por programas e unidades orgánicas.
- D. Por programas e por unidades orgánicas.

2. ¿En que caso pode aprobar un orzamento a Xunta de Goberno Local nun concello de 25.000 habitantes se nos atopamos no exercicio 2020?

- A. No suposto de non acadar acordo plenario tras dous intentos.
- B. No suposto de non acadar acordo plenario e atoparse prorrogado por segundo exercicio consecutivo.
- C. En caso de atoparse prorrogado e atoparse en vixencia un plan económico financeiro.
- D. En ningún caso.

3. ¿Cal das seguintes modificacións non se pode levar a cabo sobre un orzamento prorrogado ata que non se aprobe o do exercicio en curso?

- A. Xeración de crédito.
- B. Transferencia de crédito.
- C. Suplemento de crédito.
- D. O orzamento prorrogado pode ser obxecto de calquera modificación prevista pola lei.

4. ¿Cal dos seguintes gastos se teñen en conta a hora de calcular o aforro neto?

- A. Inversións
- B. Transferencias de capital
- C. Transferencias correntes
- D. Todas as anteriores son correctas.

5. Cal das seguintes operacións, segundo o recollido no TRLFL ten consideración de operación a curto prazo?

- A. Os anticipos que percibamos de entidades financeiras, con o seu intermediario dos órganos de xestión recadatoria, a conta dos produtos recadatorios dos impostos devengados en cada exercicio económico e liquidados a través dun padrón ou matrícula.
- B. Os préstamos e créditos concedidos polas entidades financeiras para cubrir desfases transitorios de tesourería.
- C. As emisións de débeda por prazo non superior a un ano.

D. Todas as anteriores son correctas

6. ¿Cal é o órgano competente para acordar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa nun concello de 25.000 habitantes?

- A. Alcaldía.
- B. Xunta de Goberno Local.
- C. Pleno.
- D. Intervención municipal.

7. ¿A que partida do orzamento de ingresos se imputa unha operación de Tesourería?

- A. 911.
- B. 933.
- C. 921.
- D. A ningunha xa que ten carácter extraorxamentario.

8. Cal de estes conceptos debe de ser verificado a hora de comprobar se o capítulo 1 esta correctamente orzamentado:

- A. Indemnizacións por razón de servizos.
- B. Crédito suficiente para dietas dos tribunais.
- C. O gasto de salarios das dedicacións parciais.
- D. Todas as respostas anteriores son correctas.

9. Segundo o artigo 38. 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia cal de estes elementos sería un contido mínimo dunha relación de postos de traballo?

- A. A adscrición orgánica.
- B. As gratificacións máximas que pode recibir o posto.
- C. Os datos persoais do funcionarios titulares das prazas
- D. A antigüidade do titular do posto.

10. Cales de estes ingresos non se teñen en conta no calculo do volume de endebedamento?

- A. Transferencias de Capital
- B. Impostos directos
- C. Transferencias correntes
- D. Taxas.

11. ¿Cal dos seguintes non é un recurso das entidades locais?

- A. Taxas
- B. O remanente líquido de tesourería
- C. Os procedentes de operacións de crédito.
- D. Os procedentes de multas e sancións.

12. No referido ós gastos, o orzamento?

- A. Ten carácter limitativo e vinculante.
- B. Trátase dunha mera previsión.

- C. Ten carácter limitativo e non vinculante.
- D. Non ten carácter limitativo, pero si é vinculante.

13. ¿Cales das seguintes son formas de extinción da débeda tributaria?

- A. O pago, a caducidade, a condonación.
- B. O pago, a prescrición, a compensación.
- C. A caducidade, a prescrición, a condonación.
- D. A compensación, o pago, a caducidade.

14. ¿De quen é a competencia para levar a baixas por anulación nun concello de 30.000 habitantes?

- A. Alcalde
- B. Pleno.
- C. Xunta de Goberno Local.
- D. Alcalde previo informe favorable da comisión informativa de facenda.

15. Cal dos seguintes non forma parte dos estados e contas anuais que integran a Conta Xeral?

- A. O Balance.
- B. Unha memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos.
- C. O Estado de Liquidación do Presuposto.
- D. A Memoria.

16. ¿Cal é o órgano competente para aprobar a liquidación do orzamento nun concello de 25.000 habitantes?

- A. Alcaldía.
- B. Xunta de Goberno Local.
- C. Pleno.
- D. Intervención municipal.

17. ¿Cal é o órgano que exerce a xefatura de persoal nun concello de 25.000 habitantes?

- A. Alcaldía.
- B. Xunta de Goberno Local.
- C. Pleno.
- D. Secretaría municipal.

18. ¿Cal é a duración máxima do contrato menor de servizos?

- A. 1 ano máximo.
- B. 1 ano prorrogable.
- C. 6 meses.
- D. 18 meses.

19. ¿Cal debe de ser o procedemento ordinario de concesión de subvencións?

- A. Concesión nominativa.
- B. Concurso.
- C. Concorrenca competitiva.
- D. Non existe mención ningunha na lexislación o procedemento ordinario.

20. ¿Cal é o capítulo de ingresos que recolle os impostos directos?

- A. Capítulo 1.
- B. Capítulo 2.
- C. Capítulo 3.
- D. Capítulo 4.

RESERVA

R1. ¿Cal das seguintes afirmacións é falsa: Coa Liquidación do orzamento deberán determinarse?

- A. Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 1 de xaneiro.
- B. O resultado orzamentario do exercicio.
- C. Os remanentes de crédito.
- D. O remanente de tesourería.

R2 ¿Cal é a Lei que regula a Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira?

- A. Lei Orgánica 3/2014, de 27 de abril
- B. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril
- C. Lei Orgánica 1/2012, de 17 de abril
- D. Lei Orgánica 15/2012, de 30 de abril.

R3. ¿Cal é o órgano encargado de ditaminar a conta xeral?

- A. Intervención municipal.
- B. Xunta de Goberno Local.
- C. Comisión especial de Contas.
- D. Secretaría municipal".

PREGUNTA	RESPOSTA
1	B
2	D
3	D
4	C
5	D
6	C
7	D
8	C
9	A
10	A
11	B



12	A
13	B
14	B
15	B
16	A
17	A
18	A
19	C
20	A
R1	A
R2	B
R3	C